



*Transferencia de Crédito 021T/19 (40/19)*

*Expte. Cividas: 2019018494*

*TR – 021T/2019*

## **DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica**

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 23 de maio (ref 135/2019), refrendado pola Sra. Concelleira delegada de Facenda en data 24 de maio, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería delegada de Comercio e Recursos Humanos, mediante Providencia asinada o 21 de maio, visto o informe favorable emitido pola Intervención Xeral en data 11 de xuño de 2019 (ref 21T/19), en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 021-T/2019, utilizando a figura das transferencias de crédito** entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

### **Área de gasto 4**

#### **A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO**

Aplicación	Descrición	Importe
160.4312.22658	Accións de promoción do comercio local	11.000,00 €
<b>Total Transf. Positivas:</b>		<b>11.000,00 €</b>

#### **B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO**

Aplicación	Descrición	Importe
230.4302.12100	Complemento de destino Turismo	11.000,00 €
<b>Total Transf. Negativas:</b>		<b>11.000,00 €</b>

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal** aos efectos contables oportunos e **á Concellería de Comercio e Recursos Humanos** para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente en funcións do que eu, Oficial Maior Accidental, dou fe.



Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV: JQ0MMRZTWAZ97YTE

